

Cando apareceu

Os restos máis antigos de peneiras que se coñecen son do antigo Exipto. En Galicia xa se usaban antes da chegada dos romanos.

Como funciona

A peneira é unha ferramenta con dúas partes (unha caixa e unha trama) que se usa para separar materiais de distinto grosor. Canto máis grandes son os buratos da trama, dise que a peneira é máis **rara**.

Cando movemos a peneira (**peneiramos**), o material fino pasa polos pequenos buratos, mentres que o material groso fica na caixa.

Peneira

outros nomes:

criba, baruto, bortel, xirgo, zaranda



expresións:

Ser máis raro ca unha peneira = ser moi estraño
Darlle pola peneira rara = Facer as cousas a correr



A fariña penéirase para amasar mellor

¿Séguese usando?

A peneira segue tendo uso nas cociñas de Galicia. En moitas casas hai peneiras vellas que aínda se usan, e tamén se poden comprar nas tendas.

Esta ferramenta tamén se usa noutros sectores como a construción, a química, a arqueoloxía ou calquera outra actividade na que se teñan que separar materiais de diferente grosor.